



Expte. 5253 - 449

ANUNCIO

**CONVOCATORIA DO EXAME PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS**

Ponse en coñecemento de todas as persoas interesadas en tomar parte nas probas para a obtención do PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI, que deberán presentar a solicitude da forma establecida máis abaixo, persoalmente, sen posibilidade de representación por outra persoa. O prazo para a presentación das solicitudes comprende **dende o 6 e até o 31 de outubro de 2025, incluídos**, non sendo admitidas as solicitudes presentadas fóra dese prazo indicado.

A convocatoria xurdirá efectos a partir da data da súa publicación na **páxina web do concello de Vigo** ([www.hoxe.vigo.org](http://www.hoxe.vigo.org)) e no **taboleiro de Editos dixital da Sede Electrónica do Concello de Vigo**.

\* *Presentación da solicitude Telemática:*

Accederase ó seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id\\_tramite=181](https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=181)

Encherase cada campo cos datos persoais da persoa interesada e achegarse a documentación que debe acompañar á solicitude, sendo obrigatorio achegar o xustificante do pagamento da taxa correspondente.

De non presentar o citado xustificante, excluirase á persoa interesada do dereito a presentarse ó exame para a obtención do permiso municipal de taxista.

\* *Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do concello de Vigo (ou restantes rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro):*

Accederase ó seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id\\_tramite=181](https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=181)

Encherase cada campo cos datos persoais da persoa interesada e imprimírase a solicitude, debendo presentar esta xunto coa restante documentación e sendo obrigatorio achegar o xustificante do pagamento da taxa correspondente xunto coa solicitude.

De non presentar o citado xustificante, excluirase á persoa interesada do dereito a presentarse ó exame para a obtención do permiso municipal de taxista.

A documentación esixida será a establecida no artigo 25 do Texto Consolidado da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, aprobada na data 9 de febreiro de 2015, modificada por acordo plenario de data 5 setembro de 2018 e modificada por acordo plenario de data 30 de marzo de 2022, en vigor a partir do 7 de maio de 2022 (en diante, Ordenanza municipal) e que se relaciona seguidamente. **A citada documentación deberase achegar obrigatoriamente pola persoa interesada.**

- ☞ *Pagamento das Taxas por dereito de exame (artigo 4.4 da Ordenanza Fiscal nº 11 -ORDENANZAS DE TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS 2025).*
- ☞ *Unha fotografía tamaño carné, con fondo branco (de ser solicitude telemática, a citada fotografía presentarase escaneada, debendo ter unha perfecta visibilidade).*
- ☞ *Copia do DNI ou documento equivalente no caso de estranxeiros.*
- ☞ *Copia do carné de conducir.*
- ☞ *Certificado expedido polo Ministerio de Xustiza, que acredite a carencia de antecedentes penais. (**modelo 790**). (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data do anuncio).*
- ☞ **Certificado ou Informe médico, expedido nos termos expresados no artigo 25 da Ordenanza Municipal de Taxi, e no que se estableza que non se padece enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite ou dificulte o normal exercizo da profesión** (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data do anuncio).

*Os informes ou certificados presentados que non indiquen o establecido nos anteriores parágrafos, **non serán admitidos.***

O exame constará das seguintes partes:

- ☞ *Coñecemento da Ordenanza municipal*
- ☞ *Ubicacións de rúas e puntos de interese na cidade de Vigo.*
- ☞ *Itinerarios a seguir entre dúas ubicacións do termo municipal de Vigo.*



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 23/09/2025 12:57           | Páxina 1 de 2 |
| 5253-449                                                                                                                                                                                         | CSV: A3AE82-8755DE-D8BAAF-UTNSFG-JYMNQN-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

SERVIZO DE TRANSPORTES

ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO,  
SERVIZOS E DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



Dentro dos dez días seguintes á finalización do prazo para a presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe na dirección <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal> e na que se indicarán as persoas que, de maneira provisional, son admitidas para a celebración do exame. Así mesmo, darase un prazo de 10 días para a subsanación da solicitude, no seu caso, completando a mesma con documentación non presentada en prazo.

Subsanación da solicitude presentada de forma Telemática:

Accederase ó seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id\\_tramite=975](https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=975)

Dentro do apartado "SUBSANACIÓN". Deberá indicarse e achegarse a documentación correspondente

Subsanación da solicitude achegada de forma Presencial:

Accederase ó seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id\\_tramite=975](https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=975)

Encherase cada campo cos datos persoais da persoa interesada e imprimirase a solicitude, achegando a documentación correspondente e presentado a mesma no Rexistro Xeral do concello de Vigo e demais órganos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Unha vez finalizado o prazo para a subsanación de solicitudes e entrega de documentación correspondente, publicado na listaxe referida, publicarase unha nova listaxe na que se indicarán as persoas admitidas de maneira definitiva e, no seu caso, as excluídas.

As listaxes nas que se indicará o lugar de realización da proba, o horario no que cada solicitante debe presentarse á mesma nos días establecidos e demais circunstancias relacionadas, publicaranse no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.

As probas realizaranse o **DIA 3 DE DECEMBRO 2025**, na ubicación que se determine por este servizo de Transportes, que será comunicada coa suficiente antelación. Os solicitantes comparecerán provistos de bolígrafo azul e carné de conducir.

Se o nº de aspirantes así o esixira, estableceríase outro día adicional para a realización do exame citado.

CPG/omc

SINADO DIXITALMENTE:

A XEFA DO SERVIZO DE TRANSPORTES.....Carmen Pintado García

SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DA  
AREA DE GOBERNO DE FOMENTO, SERVIZOS E DEPORTES.....Francisco Javier Pardo Espiñeira

( Decreto de delegación de competencias de 28 de xuño de 2024. BOPPO n.º 133, de 9 de xullo de 2024)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/09/2025 12:57

Páxina 2 de 2

5253-449

CSV: A3AE82-8755DE-D8BAAF-UTNSFG-JYMNQN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>